



Estudo da inserción
laboral dos titulados en
Másteres no Sistema
Universitario de Galicia
2007-2008, 2008-2009 e
2009-2010
(EILMásteres0710)

Santiago de Compostela, 01 de xuño de 2015

Edita:

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Rúa Lamas de Abade, s/n
 CIFP Compostela 5º andar
 15702 Santiago de Compostela
 Teléfono: 981 534173 – Fax: 981 534174
 Correo-e: insercion.laboral@acsug.es; acsug@acsug.es
 Páxina web: www.acsug.es

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o seu título e á ACSUG como editora.



ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA



ACSUG está rexistrada no EQAR



ACSUG é membro de ECA



A ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. O Sistema de Xestión Medioambiental está verificado positivamente segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	4
1.1. Obxectivos específicos do estudo de inserción laboral dos titulados en Másteres no SUG no período 2007-2010.....	4
2. DATOS TÉCNICOS DO ESTUDO	5
3. RESULTADOS.....	6
3.1. Motivacións para realizar o Máster	6
3.2. Situación laboral anterior á realización do Máster	7
3.2.1. Actividade laboral previa.....	7
3.3. Situación laboral actual.....	8
3.3.1. Actividade laboral actual.....	8
3.3.2. Procura de emprego.....	9
3.3.3. Lugar de traballo	9
3.3.4. Competencias requeridas no mercado laboral	10
3.4. Valoración final.....	10
ANEXOS	11
ANEXO I. Grupo de traballo.....	11
ANEXO II. Distribución dos másteres por rama de coñecemento e curso académico	12

Índice de táboas

<i>Táboa 2.1. Tamaño dapoboación dos titulados en másteres no SUG nos cursos académicos 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010 por rama de coñecemento.....</i>	5
<i>Táboa 2.2. Tamaño da mostra dos titulados en másteres no SUG nos cursos académicos 2007- 2008, 2008-2009 e 2009-2010 por rama de coñecemento.</i>	5
<i>Táboa 3.1. Motivos para realizar o máster. Resultados para o total do SUG.....</i>	6
<i>Táboa 3.2. Motivos para realizar o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.</i>	6
<i>Táboa 3.3. Actividade laboral previa ao máster e no momento de comenzar este.....</i>	7
<i>Táboa 3.4. Actividade laboral previa ao máster e no momento de comenzar este. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.</i>	7
<i>Táboa 3.5. Situación laboral actual. Resultados para o total do SUG.</i>	8
<i>Táboa 3.6. Situación laboral actual. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.</i>	8
<i>Táboa 3.7. Número medio de meses transcorridos desde a finalización do máster ata atopar emprego. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG</i>	9
<i>Táboa 3.8. Lugar de traballo. Resultados para o total do SUG.</i>	9
<i>Táboa 3.9. Lugar de traballo. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.....</i>	9
<i>Táboa 3.10. Competencias requeridas no mercado laboral</i>	10
<i>Táboa 3.11. Volvería realizar o máster. Resultados para o total do SUG.</i>	10

1. INTRODUCCIÓN

Desde o ano 2001, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ven proporcionando información sobre a integración no mercado laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia (SUG) para os títulos de 1º e 2º ciclo (diplomaturas, licenciaturas e enxeñarías) e graos. Coa nova estrutura dos estudos universitarios actuais: grao, **máster** e doutoramento resulta indispensable dispor de información sobre a inserción laboral dos titulados en másteres. Por iso, **no ano 2013**, a Axencia iniciou este novo proxecto, ampliando o campo de estudio aos **titulados en másteres** no SUG, converténdose na primeira axencia a nivel nacional en realizar unha análise deste tipo.

O marco normativo actual establece que a nova organización das ensinanzas incrementará a empregabilidade dos titulados polo que pon de manifesto a implicación das universidades na empregabilidade dos seus titulados universitarios e a necesidade de recabar información sobre a situación laboral dos titulados en másteres no SUG. Por outra banda, as tendencias existentes no mercado laboral están directamente relacionadas coas universitarias, sendo o máster un factor decisivo moitas veces para a consecución dun emprego e, en algúns casos, formando parte da etapa formativa previa aos programas de doutoramento.

O obxectivo principal deste informe é proporcionar información sobre os titulados universitarios en másteres no SUG, de xeito que os resultados acadados contribúan á mellora da calidade das ensinanzas universitarias ofertadas aos futuros estudiantes. A información recabada contempla as seguintes temáticas: valoracións dos titulados en másteres sobre aspectos organizativos e de desenvolvemento do máster, motivación principal para realizar estudos de másteres e valoracións sobre a experiencia laboral nestes últimos anos, antes e despois da realización do máster.

O informe atópase estruturado en sete capítulos. Nos primeiros capítulos do estudio reflexiónase sobre á importancia e relevancia da información aportada, indicando os obxectivos específicos perseguidos e acadados no estudio para a continuación contextualizar a poboación e a metodoloxía empleada na súa realización. Nos capítulos 4, 5 e 6, centro de gravidade da publicación, detállanse os resultados obtidos relativos aos titulados en másteres no SUG nos cursos académicos 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010, respectivamente. Posteriormente, no capítulo sete inclúese unha análise comparativa dos resultados obtidos para as distintas cohortes en aspectos relacionados coa situación laboral actual dos titulados en másteres. Finalmente, o informe remata cos anexos onde se recolle a ficha técnica do estudio, o cuestionario empregado na enquisa, a distribución das titulacións por rama de coñecemento para as cales se presentan os resultados e as referencias e bibliografía complementaria.

1.1. Obxectivos específicos do estudio de inserción laboral dos titulados en Másteres no SUG no período 2007-2010

Coa elaboración deste estudio de inserción laboral preténdese obter información sobre os seguintes ítems.

- ✓ A percepción dos titulados en másteres sobre a formación e a universidade:
 - Realización, organización e utilidade das prácticas en empresas nos másteres
 - Consideracións sobre a planificación e organización do máster
 - Titulacións rematadas e motivos para cursar estudos de máster
- ✓ Características da situación laboral dos titulados en másteres:
 - Acceso ao emprego

- Procura de traballo
- Tempo que se tarda en atopar emprego
- Grao de uso das distintas vías de procura de emprego e eficiencia destas
- Vía propiciatoria do primeiro emprego
- Número de contratos e empresas

Condicións laborais

- Capacidade do mercado de traballo para absorber os titulados en másteres
- A importancia dos distintos factores para obter un emprego (variables de maior importancia nos procesos de contratación)
- As condicións laborais (salario medio, tipo de contrato, lugar de traballo, tipo de empresa,...) no traballo actual
- Competencias, coñecementos e aptitudes necesarias para o desenvolvemento do seu traballo
- Grao de satisfacción co seu emprego e o cumprimento das expectativas xeradas nos seus estudos

2. DATOS TÉCNICOS DO ESTUDO

A **poboación** obxecto de estudio está constituída polos titulados en másteres oficiais no Sistema Universitario de Galicia correspondentes aos cursos académicos 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010, que estiveron matriculados nos correspondentes cursos académicos 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010 e fixeron o depósito de título ao longo dos anos 2008, 2009 e 2010. Considerando que a enquisa foi realizada entre maio e xuño de 2013, xa transcorreron aproximadamente 5, 4 e 3 anos, respectivamente, para cada unha das cohortes de titulados, desde que remataron os seus estudos de máster ata o momento da realización da enquisa.

A poboación e a mostra acadada foi agrupada nas seguintes ramas de coñecemento, ver anexo II: Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura.

POBOACIÓN	2007-2008	2008-2009	2009-2010	TOTAL
Artes e Humanidades	26	47	96	169
Ciencias	80	116	223	419
Ciencias da Saúde	169	200	184	553
Ciencias Sociais e Xurídicas	86	219	731	1036
Enxeñaría e Arquitectura	95	244	399	740
SUG	456	826	1633	2915

Táboa 2.1. Tamaño dapoboación dos titulados en másteres no SUG nos cursos académicos 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010 por rama de coñecemento.

MOSTRA	2007-2008	2008-2009	2009-2010	TOTAL
Artes e Humanidades	23	37	69	129
Ciencias	58	92	174	324
Ciencias da Saúde	132	156	150	438
Ciencias Sociais e Xurídicas	62	168	562	792
Enxeñaría e Arquitectura	73	180	306	559
SUG	348	633	1261	2242

Táboa 2.2. Tamaño da mostra dos titulados en másteres no SUG nos cursos académicos 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010 por rama de coñecemento.

Realizouse un **estudo exhaustivo**, contactando con todos os individuos que constituían a poboación para intentar acadar a maior representatividade para cada un dos másteres no SUG, polo que non se realizou unha mostraxe aleatoria.

Finalmente, o **erro de mostraxe** acadado para os titulados en másteres no SUG sitúase no +/-0,99%, cun nivel de confianza do 95%.

A **recollida de información** realizouse mediante enquisa telefónica asistida por ordenador (CATI).

3. RESULTADOS

3.1. Motivacións para realizar o Máster

- O motivo máis destacado para realizar estudos de máster é **complementar a formación académica para obter unha maior especialización no mercado de traballo**, ampliar as saídas laborais e alcanzar un maior desenvolvemento profesional, cunhas porcentaxes de 72,4% (2007-2008), 75,5% (2008-2009) e 58,8% (2009-2010), respectivamente, para o total do SUG.

MOTIVACIÓN	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Complementar a formación académica (investigación)	30,7%	25,8%	29,0%
Complementar a formación académica (trabajo)	72,4%	75,5%	58,8%
Detectar necesidades formativas na experiencia laboral anterior	5,2%	5,4%	4,6%
Era necesario ouobrigatorio para o futuro emprego	4,0%	3,8%	18,7%
Outros	4,0%	3,0%	1,5%

Táboa 3.1. Motivos para realizar o máster. Resultados para o total do SUG.

- En canto a distribución por ramas de coñecemento, o motivo de **complementar a formación académica de cara ao mercado laboral** é maioritario nas ramas de Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura, para cada unha das cohortes de titulados. Por outro lado, o motivo de **complementar a formación de cara á investigación** destaca na rama de Ciencias, 50,0% (2007-2008), 54,6% (2009-2010) e Artes e Humanidades con 53,6% (2009-2010).

MOTIVACIÓN	Complementar a formación académica (investigación)			Complementar a formación académica (trabajo)		
	2007-2008	2008-2009	2009-2010	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Artes e Humanidades	21,7%	37,8%	53,6%	87,0%	73,0%	49,3%
Ciencias	50,0%	34,8%	54,6%	50,0%	59,8%	50,6%
Ciencias da Saúde	38,6%	38,5%	40,7%	69,7%	67,3%	62,0%
Ciencias Sociais e Xurídicas	21,0%	17,3%	16,4%	79,0%	83,3%	53,6%
Enxeñaría e Arquitectura	12,3%	15,6%	26,5%	84,9%	83,9%	73,9%
SUG	30,7%	25,8%	29,0%	72,4%	75,5%	58,8%

Táboa 3.2. Motivos para realizar o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.2. Situación laboral anterior á realización do Máster

3.2.1. Actividade laboral previa

- **Máis do 60% dos titulados en másters no SUG traballaban con anterioridade á realización do máster**, 62,1% (2007-2008), 70,8% (2008-2009) e 62,2% (2009-2010). En canto situación laboral no momento de iniciar o máster dos enquisados que traballaran antes de o realizar, á grande maioría, 48,0% (2007-2008), 77,2% (2008-2009) e 65,1% (2009-2010), **simultanearon o traballo co máster**. Á súa vez, tan só un 2,9% (2007-2008), 6,3% (2008-2009) e un 6,1% (2009-2010) dos titulados que traballara antes do máster deixou o seu emprego para cursar o devandito título. Por outra banda, o 11,2% (2007-2008), 16,5% (2008-2009) e 28,8% (2009-2010) dos titulados traballara antes do máster, pero non tiña emprego no momento de comenzar este.

	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Nin traballou nin buscou emprego	29,6%	23,0%	28,7%
Buscou emprego e non o atopou	8,3%	6,2%	9,1%
Traballou	62,1%	70,8%	62,2%
Non traballaba ao iniciar o máster	11,2%	16,5%	28,8%
Deixou o traballo para facer o máster	2,9%	6,3%	6,1%
Simultaneou traballo e máster	48,0%	77,2%	65,1%

Táboa 3.3. Actividade laboral previa ao máster e no momento de comenzar este.

Resultados para o total do SUG.

- As ramas de coñecemento de Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura presentan unhas porcentaxes más altas de titulados que **simultanearon o traballo co máster** 55,3% (2007-2008), 80,5% (2008-2009), 77,2% (2009-2010) e 46,6% (2007-2008), 83,2% (2008-2009) e 74,3% (2009-2010), respectivamente. Á súa vez, destacan os valores de titulados que traballaban antes do máster e **deixaron o seu emprego para cursar a dita titulación** nas ramas de Ciencias e Ciencias Sociais e Xurídicas, 12,2% (2008-2009), 10,4% (2009-2010) e 8,9% (2008-2009), 8,2% (2009-2010), respectivamente.

	Non traballaba ao iniciar o máster			Deixou o traballo para facer o máster			Simultaneou traballo e máster		
	2007-2008	2008-2009	2009-2010	2007-2008	2008-2009	2009-2010	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Artes e Humanidades	17,4%	19,0%	30,6%	4,4%	4,8%	5,6%	34,7%	76,2%	63,9%
Ciencias	12,0%	20,4%	26,0%	1,7%	12,2%	10,4%	32,7%	67,3%	63,5%
Ciencias da Saúde	9,8%	17,1%	17,4%	3,0%	2,4%	5,4%	55,3%	80,5%	77,2%
Ciencias Sociais e Xurídicas	11,3%	19,4%	36,1%	4,9%	8,9%	8,2%	53,2%	71,8%	55,8%
Enxeñaría e Arquitectura	11,0%	11,5%	23,9%	1,4%	5,3%	1,7%	46,6%	83,2%	74,3%
SUG	11,2%	16,5%	28,8%	2,9%	6,3%	6,1%	48,0%	77,2%	65,1%

Táboa 3.4. Actividade laboral previa ao máster e no momento de comenzar este. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.3. Situación laboral actual (no momento de realizar a enquisa)

3.3.1. Actividade laboral actual

- Un 83,6% (2007-2008), 78,8% (2008-2009) e un 73,7% (2009-2010) dos titulados en másteres no SUG **traballaba no momento da realización da enquisa**. Analizando a situación dos titulados que non traballan e tampouco buscan emprego, destacan as porcentaxes de titulados que realizan outros estudos 2,8% (2007-2008), 2,8% (2008-2009) e 4,2% (2009-2010), principalmente de doutoramento ou de grao.

	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Traballa na actualidade	83,6%	78,8%	73,7%
Non traballa, pero busca emprego	12,4%	16,3%	20,1%
Nin traballa, nin busca emprego	4,0%	4,9%	6,3%

Táboa 3.5. Situación laboral actual. Resultados para o total do SUG.

- En canto análise por ramas de coñecemento, destaca a elevada porcentaxe de titulados en másteres de Enxeñaría e Arquitectura 87,7% (2007-2008), 82,2% (2008-2009) e un 80,4% (2009-2010) que **traballaba no momento da realización da enquisa**, e Ciencias da Saúde 90,2% (2007-2008), 80,8% (2008-2009) e un 73,3% (2009-2010).

	Traballa na actualidade			Non traballa, pero busca emprego			Nin traballa, nin busca emprego		
	2007-2008	2008-2009	2009-2010	2007-2008	2008-2009	2009-2010	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Artes e Humanidades	65,2%	67,6%	68,1%	26,1%	18,9%	23,2%	8,7%	13,5%	8,7%
Ciencias	70,7%	73,9%	73,6%	22,4%	19,6%	16,1%	6,9%	6,5%	10,3%
Ciencias da Saúde	90,2%	80,8%	73,3%	8,3%	13,5%	16,7%	1,5%	5,8%	10,0%
Ciencias Sociais e Xurídicas	83,9%	78,6%	70,8%	3,2%	18,5%	23,7%	3,2%	3,0%	5,5%
Enxeñaría e Arquitectura	87,7%	82,2%	80,4%	5,5%	14,4%	16,7%	5,5%	3,3%	2,9%
SUG	83,6%	78,8%	73,7%	12,4%	16,3%	20,1%	4,0%	4,9%	6,3%

Táboa 3.6. Situación laboral actual. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

- Un 96,0% (2007-2008), 96,1% (2008-2009) e 92,2% (2009-2010) dos titulados traballaron desde a finalización do máster, dos cales un 46,4% (2007-2008), 44,4% (2008-2009) e 55,2% (2009-2010) comezou nun novo emprego e un 53,6% (2007-2008), 55,6% (2008-2009), 44,8% (2009-2010) continuou no emprego que tiña antes de terminar o máster.

3.3.2. Procura de emprego

- Un 42,6% (2007-2008), 54,8% (2008-2009) e 58,8% (2009-2010) dos titulados en másteres no SUG que **empeza nun novo emprego** tras a finalización do máster tarda menos de 3 meses (2007-2008), 6 meses (2008-2009) e 6 meses (2009-2010) en atopalo, sendo o **tempo medio** en atopar emprego de 6,10 meses (2007-2008), 7,53 meses (2008-2009), e 7,89 meses (2009-2010), respectivamente.

	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Artes e Humanidades	5,25	6,63	7,92
Ciencias	6,79	7,02	7,61
Ciencias da Saúde	6,21	6,41	7,22
Ciencias Sociais e Xurídicas	6,88	9,21	8,53
Enxeñaría e Arquitectura	5,06	6,98	6,64
SUG	6,10	7,53	7,89

Táboa 3.7. Número medio de meses transcorridos desde a finalización do máster ata atopar emprego. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.3.3. Lugar de traballo

- A gran maioría dos titulados en másteres no SUG **traballa en Galicia** 80,1% (2007-2008), 89,5% (2008-2009) e 88,6% (2009-2010) no momento da realización da enquisa, mentres que só unha reducida porcentaxe traballa no estranxeiro, 0,7% (2007-2008), 0,6% (2008-2009) e 1,7% (2009-2010). Os principais motivos para non traballar en Galicia, principalmente foron, recibir unha mellor oferta no exterior, e só vir a Galicia para realizar o máster.

	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Galicia	80,1%	89,5%	88,6%
Resto de España	19,2%	9,8%	9,7%
Fóra de España	0,7%	0,6%	1,7%

Táboa 3.8. Lugar de traballo. Resultados para o total do SUG.

- En canto análise por ramas de coñecemento, a gran maioría dos titulados en másteres no SUG **traballa en Galicia** no momento da realización da enquisa. Con respecto aos titulados que traballan fóra de Galicia, destaca a rama de coñecemento de Ciencias con porcentaxes superiores ao 14%, 17,1% (2007-2008), 17,6% (2008-2009) e 14,1% (2009-2010).

	Galicia			Resto de España			Fóra de España		
	2007-2008	2008-2009	2009-2010	2007-2008	2008-2009	2009-2010	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Artes e Humanidades	86,7%	100,0%	87,2%	13,3%	0,0%	12,8%	0,0%	0,0%	0,0%
Ciencias	78,0%	80,9%	85,1%	17,1%	17,6%	14,1%	4,9%	1,5%	0,8%
Ciencias da Saúde	80,7%	89,7%	90,9%	19,3%	9,5%	6,4%	0,0%	0,8%	2,7%
Ciencias Sociais e Xurídicas	84,6%	90,9%	88,7%	15,4%	8,3%	9,5%	0,0%	0,8%	1,8%
Enxeñaría e Arquitectura	75,0%	90,5%	89,5%	25,0%	9,5%	8,5%	0,0%	0,0%	2,0%
SUG	80,1%	89,6%	88,6%	19,2%	9,8%	9,7%	0,7%	0,6%	1,7%

Táboa 3.9. Lugar de traballo. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.3.4. Competencias requeridas no mercado laboral

- As competencias consideradas **máis importantes** polos titulados en másteres no SUG para obter un emprego son a **capacidade para resolver problemas** e a **capacidade de asumir responsabilidades**.

COMPETENCIAS	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Capacidade para resolver problemas	4,27	4,29	4,36
Capacidade de asumir responsabilidades	4,25	4,29	4,36
Capacidade de traballo en equipo	4,02	4,09	4,12
Coñecementos de informática	3,95	4,02	4,06
Coñecementos de idiomas	3,71	3,89	4,03

Táboa 3.10. Competencias requeridas no mercado laboral (Escala de valoración 1: Nada importante ata 5: Moi importante). Resultados para o total do SUG.

3.4. Valoración final

- Os titulados en másteres no SUG están satisfeitos cos estudos universitarios cursados. Tres cuartas partes dos titulados en másteres **volverían a realizar o máster**.

	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Si	75,0%	73,8%	75,7%

Táboa 3.11. Volvería realizar o máster. Resultados para o total do SUG.

ANEXOS

ANEXO I. Grupo de traballo

Jose Carlos de Miguel Domínguez (Director do Grupo)

David Rodríguez González (Coordinador do traballo desenvolvido polos colaboradores)

Beatriz Valcárcel Aguiar

Alejandro Vecino Aguirre

Departamento de Economía Cuantitativa

Universidade de Santiago de Compostela

Luís Pedro Pedreira Andrade

Departamento de Economía Aplicada II

Universidade da Coruña

Manuel Guisado González

Departamento de Organización de Empresas e Marketing

Universidade de Vigo

M.ª Patrocinio Morrondo Pelayo

Presidenta do Consello de Dirección da ACSUG

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

José Eduardo López Pereira

Director da ACSUG

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

M.ª Carmen Fernández Montes

Técnico de programas da ACSUG

Coordinadora dos estudos de inserción laboral da ACSUG

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

ANEXO II. Distribución dos másteres por rama de coñecemento e curso académico

Neste anexo preséntase a distribución dos másteres por rama de coñecemento da cal foron obxecto de análise e por curso académico. Nas distintas táboas aparece sombreada a celda correspondente ao curso académico no cal existía poboación e se acadou mostra na recollida de información.

ARTES E HUMANIDADES				
Máster universitario en...	2007-2008	2008-2009	2009-2010	
Artes Escénicas				
Edición				
Estudos Ingleses Avanzados: Interpretación Textual e Cultural das Sociedades Anglófonas Contemporáneas				
Estudos Ingleses: Tendencias Actuais e Aplicacións				
Estudos Lingüísticos				
Estudos Medievais Europeos: Imáxenes, Textos e Contextos				
Estudos Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura				
Filosofía: Cuestións Actuais				
História Contemporánea				
História, Territorio e Recursos Patrimoniais				
Intervención Logopédica na Infancia e na Adolescencia				
Lingua e Usos Profesionais				
Lingüística e as súas Aplicacións				
Lingüística Galega *				
Planificación da Lingua Galega				
Servizos Culturais				
Tradución e Paratraducción				

*Existía poboación no curso académico 2009-2010 pero non se acadou mostra

CIENCIAS				
Máster universitario en...	2007-2008	2008-2009	2009-2010	
Acuicultura				
Biodiversidade e Conservación do Medio Natural				
Biología Molecular, Celular e Xenética				
Biotecnología				
Ciencia e Tecnología Agroalimentaria				
Ciencia e Tecnología Ambiental				
Ciencia e Tecnología de Coloides e Interfases				
Ciencia e Tecnología de Materiais				
Ciencia e Tecnología Química				
Ciencias do Clima: Meteorología, Oceanografía Física e Cambio Climático				
Ecosistemas Terrestres, Uso Sostenible e Implicaciones Ambientales				
Energías Renovables e Sustentabilidad Energética				
Física Aplicada				
Física Nuclear e de Partículas e as súas Aplicaciones Tecnológicas e Médicas				
Innovación en Seguridad e Tecnología Alimentarias				
Investigación en Ciencias da Visión				
Lógica e Filosofía da Ciencia				
Matemáticas				
Medio Ambiente e Recursos Naturais				
Metodologías e Aplicaciones en Ciencias da Vida				
Neurociencia				
Química Ambiental e Fundamental				
Química Avanzada				
Técnicas Estadísticas				

CIENCIAS DA SAÚDE				
Máster universitario en...	2007-2008	2008-2009	2009-2010	
Asistencia e Investigación Sanitaria				
Atención Sanitaria, Xestión e Coidados				
Intervención na Discapacidade e na Dependencia				
Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias				
Investigación Biomédica				
Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos				
Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria				
Nutrición				
Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental				
Xerontoxía				
Xestión e Investigación da Discapacidade e Dependencia				

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS			
Máster universitario en...	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Administración Integrada de Empresas: Responsabilidade Social Corporativa, Calidade e Medio Ambiente			
AsesoramentoXurídico Empresarial			
Banca e Finanzas			
Comercio Internacional			
Comunicación e Industrias Creativas			
Creación, Dirección e Innovación na Empresa			
Dereito das Administracións e Institucións Públicas			
Dereito Privado			
Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente			
Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea			
Desenvolvemento Económico e Innovación			
Desenvolvemento Rexional e Integración Económica			
Dificultades da Aprendizaxe e Procesos Cognitivos			
Dirección de Empresas			
Dirección e Planificación do Turismo			
Economía			
Economía: Organización Industrial e Mercados Financeiros			
Educación, Xénero e Igualdade			
Estudos de Xénero			
Estudos Internacionais			
Fiscalidade Internacional e Comunitaria			
Industria e Economía Leiteira			
Innovación Industrial e Optimización de Procesos			
Innovación, Orientación e Avaliación Educativa			
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Investigación na Actividade Física, Deporte e Saúde			
Investigación en Comunicación			
Investigación en Contabilidad e Finanzas			
Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario			
Investigación en Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía			
Investigación en Tecnoloxías da Información*			
Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares			
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social			
Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultura			
Ordenación Xurídica do Mercado			
Política Lingüística e Planificación da Lingua Galega			
Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial			
Prevención de Riscos Laborais*			
Procesos de Formación			

Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas			
Psicoloxía Aplicada			
Psicoxerontoloxía			
Xestión do DesenvolvementoSostible			
Xestión e Dirección Laboral			
Xestión e Políticas Públicas			

ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA			
Máster universitario en...	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Aplicacións de Procesado de Sinal en Comunicacións (SIGMA)			
Computación			
Consultoría do Software Libre			
Contaminación Industrial: Avaliación, Prevención e Control			
Dirección de Proxectos			
Dirección e Xestión da Loxística e a Cadea de Subministración			
Dirección Integrada de Proxectos			
Enerxía e Sustentabilidade			
Enxeñaría Ambiental			
Enxeñaría da Auga			
Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais			
Enxeñaría de Procesos Químicos e Ambientais			
Enxeñaría da Soldadura			
Enxeñaría Marítima			
Enxeñaría Matemática			
Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural			
Enxeñaría Telemática			
Enxeñaría Térmica			
Fotónica e Tecnoloxías do Láser			
Informática			
Investigación Agraria e Forestal			
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria			
Química Teórica e Modelización Computacional			
Radiocomunicación e Enxeñaría Electromagnética			
Rehabilitación Arquitectónica			
Sistemas Software Intelixentes e Adaptables			
Tecnoloxía Medioambiental			
Tecnoloxías da Información e Comunicacións en Redes Móviles			
Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil			
Teoría do Sinal e Comunicacións			
Urbanismo: Planes e Proxectos. Do Territorio á Cidade			